



## A poesía de Xela Arias, unha obra tensa e depurada

---

Miguel A. Mato Fondo<sup>1</sup>

A poesía das décadas 80 e 90 é heteroxénea nas tendencias estéticas e nas liñas temáticas, tratadas desde unha óptica anovadora, sendo comúns o amor como pulo existencial, como desexo desde a ausencia, a soidade e o paso do tempo. Estas son tratadas desde unha óptica anovadora, aínda que diferente en cada poeta, seguindo liñas achegadas, sendo comúns amor e o desamor, ou ausencia do amor (*Ausencias pretéritas*, de Miro Villar), o amor como pulo existencial, como desexo ou como límite (*As árbores do incesto* (1995), Francisco Souto), a soidade e o paso do tempo, a paisaxe, especialmente o mar, como o escenario mítico, amoroso e existencial.

Existe nos poetas dos 90 un predominio da poesía máis directa, que supera liñas dos 80, e onde é notábel o coloquialismo que achega un ton de narratividade, nunha vocación comunicativa. Porén, tamén hai poetas que mostran un estilo certamente barroco e tendencias clásicas, a carón do versolibrismo, que veñen directamente dos poetas máis coñecidos dos 80.

A intención comunicativa e a acción social provoca a multidisciplinariedade, o gusto pola *performance*, a intertextualidade e o espectáculo escénico plural, como acontece co' *A Caricia da Serpe*, de Lino Braxe e o músico Miguel de la Rubia, así como a poesía visual.

---

<sup>1</sup> Miguel Anxo Mato Fondo é escritor e crítico literario galego, profesor xubilado de Lingua e Literatura Galegas. Formou parte do colectivo Alén e participou en *De amor e desamor*.